

## Bodas

**A**nda, para que luego vengán los adictos y adeptos a la estadística, de la que servidora bebe muchas veces, diciendo que las bodas están pasadas de moda. Usted no se lo crea. Es posible que en España los divorcios superen a las bodas, pero la gente, sobre todo la importante, sigue prefiriendo la fórmula tradicional de convertirse en marido y mujer. Esto no he y quien lo entienda.

Las parejas se desaharán con el tiempo, no digo que no, pero lo cierto es que empiezan entrancado por el aro de matrimoniar como Dios manda o como manda la ley de los hombres, pero de blanco, con convite y luna de miel, como corresponde. Ahí tiene usted el revoltoso príncipe Enrique, hijo menor de la desaparecida Diana Spencer y del príncipe de Gales. Se ha echado novia y aprovechando un safari en Botswana le ha propuesto matrimonio.

El más alocado de los dos hermanos y sin embargo ya piensa en enderezar su vida, lejos del uniforme militar o de un puesto destacado en un barco, formando una familia. La madre de la criatura se casó muy joven y en plena luna de miel descubrió que Carlos y ella eran tres. De película de


Willy Wilder. Por cierto, Diana sigue de actualidad, a pesar de los años transcurridos desde su muerte. Un rotativo británico, uno de esos que siempre



está daily que daily con la familia real británica, ha publicado que lady Di estaba embarazada de nueve semanas en el momento de su muerte. Otra que casó para divorciarse, pero casó.

Quien pasará por la vicaría, pocos meses antes de ser padre y más que nada por no coincidir con su futuro vástago, es nuestro Schwarzenegger patrio, Borja Thyssen, hijo de la baronesa Carmen Cervera, quien también acabó cuando bien.

la  
CARMEN FERRERAS



**PONTEVEDRA ■**  
**Prisión.** Roubos, danos e estafas, principais motivos de estadia dos internos na penitenciaría da Lama. ►2

**PONTEVEDRA ■**  
**Menos vendas.** Os estancos deixaron de vender ata 2,9 millóns de paquetes de tabaco no que vai de ano. ►5

**PONTEVEDRA ■**  
**Noite de infraccións.** Axentes da Policía Local detiveron a un veciño de Pontevedra que incurriu en tres delitos dun golpe. ►6



**COMARCA ■**  
**Festas pasadas por auga.**

Poio, Sanxenxo e Ponte Caldelas padeceron os efectos da chuvía no colofón das súas celebracións. ►8-9-11

**VALGA ■**  
**Éxito total.** A XIX Festa da Anguía agotou o seu produto estrela en tan só dúas horas. Menos mal que quedaba a Mostra da Caña do País. ►11

**GAUCIA ■**  
**Garantías para o AVE.** Anxo Quintana condiciona o apoio do BNG ós Presupostos Xerais de 2008 a que o Goberno garanta a alta velocidade. ►16

**CRÓNICA ■**  
**Máis mulleres mortas.** Coa morte esta fin de semana de dúas mulleres a mans dos seus compañeiros, en Cambrils e Tenerife, son 54 as mortes de violencia de xénero en España. ►18

## Contraportada

JOSE ABEL FLORES



**Un membro da expedición do Hespérides critica a pouca atención que se lle dá ós océanos, cando son os que transportan a calor e definen o clima**

**O catedrático** de Paleontoloxía da Universidade de Salamanca (USAL) José Abel Flores considera que o Océano tense pouco en conta á hora de falar do cambio climático, cando "no noso planeta quen leva a enerxía, transporta a calor e define os climas é a auga do mar".

Flores acaba de regresar dunha viaxe xunto aos profesores Francisco Javier Sierro e Elena Colmenero, integrantes na expedición realizada polo buque da Armada Española, Hespérides, durante vinte días polo Ártico e que partiu do porto de Vigo.

O catedrático explicou que o obxectivo da viaxe no que asucaron as augas das Svalbard, un arquipélago situado ao norte de Noruega e moi próximo ao Polo, foi o de solicitar microfósiles e sedimentos mariños que permitirán estudar como evolucionou o clima nos últimos anos.

No proxecto participan máis de 60 países entre os que se atopan Estados Unidos, Francia, Alemaña, Gran Bretaña e Rusia. Durante as tres semanas que durou a expedición, a tarefa dos

científicos salmantinos consistiu en recuperar sedimentos do fondo do mar, traballo que realizaron introducindo unha xiringa xigante ata case 2.000 metros, nalgúns casos, para posteriormente ser analizados.

Do que se trata, segundo Flores, é de analizar os microfósiles obtidos co obxectivo de ver que antigüidade teñen eses sedimentos para estudar o clima e, por outra banda, constatar as características ambientais históricas, é dicir, se houbo máis calor ou máis frío ou máis ou menos xeo.

O Hespérides tamén tiña como misión a reconstrución da cartografía do fondo do océano dunha zona á que é difícil o acceso de barcos e que se coñece "peor que a superficie de Marte", asegurou o científico, coa que constatar "como progresaban os glaciares e ver os deslizamentos do fondo mariño".

Ao seu xuízo, a expedición foi moi satisfactoria, xa que a "cartografía preliminar é excelente e desde o punto de vista que nos corresponde a nós recuperamos un material para os últimos 10.000 anos, que é o último episodio de clima regular na terra".

Neste sentido, engadiu, que algúns dos datos existentes "poñen de manifesto que nos últimos 5.000 anos producíronse cambios drásticos no clima do contorno do Polo Norte con arrefriados radicais".

Segundo explicou, no ano 1000 "as cousas non eran idénticas, facía máis calor, aínda que quizá non tanto como pode chegar a suceder agora de acordo cos modelos, pero, desde logo, algo foi distinto". Ao seu xuízo, en dous ou tres décadas "poden darse cambios nas subidas do nivei do mar de dous ou tres centímetros, e non por desexo mariño, senón pola dilatación da auga".

José Abel Flores estimou que, de cumprirse as previsións, "habrá unha modificación das bandas climáticas", o cal repercutirá na temperatura media, nos cultivos e nas precipitacións, o que levará a que "haxa zonas que, probablemente, sexan máis áridas e outras máis chuviosas. Poida que haxa un verdadeiro desastre se se cumpre todo, aínda que a alteración a nivel xeracional non será moi chamante".

historias  
Santy Mosteiro

